- LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos	1%		100%
- LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos	1%		90%
- LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	1%		90%

UNIDADE 8

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	peso na cualif.	Instrumentos de avaliación	
			exame	expos. oral
- LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario a morfoloxía verbal estudada e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	Identifica con seguridade e axudándose co dicionario a morfoloxía verbal estudada e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	5%		
- LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía do xerundio, supino e os verbos irregulares para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	Aplica os seus coñecementos da morfoloxía do xerundio, supino e os verbos irregulares para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	5%		
- LA2B3.5.1. Identifica o xerundio e o supino en frases e textos, tradúceo correctamente e explica as súas funcións.	Identifica o xerundio e o supino en frases e textos, tradúceo correctamente e explica as súas funcións.	5%		
- LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	7%		
- LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	75%		
- LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos	1%		
- LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos	1%		
- LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	1%		

UNIDADE 9

Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	peso na cualif.	Instrumentos de avaliación	
			exame	expos. oral
- LA2B4.2.1. Describe as características esenciais da oratoria, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	Describe as características esenciais da oratoria.	26%		
- LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa oratoria.	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores e obras	1%		
- LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da oratoria, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	Nomea autores representativos da oratoria, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	30%		
- LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura e identifica o xénero ao que pertencen.	1%		
- LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo da oratoria, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	Analiza o diferente uso que se fixo da oratoria	1%		
- LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da oratoria en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da oratoria en textos de autores/as contemporáneos/as.	1%		
- LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado do topónimos estudados.	Identifica a etimoloxía e coñece o significado do topónimos estudados.	20%		
- LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas	20%		

5.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os procedementos e instrumentos de avaliación son os seguintes:

A) EXAMES. O valor dos exames na nota de avaliación será dun mínimo dun 90%.

Faranse **tres exames por trimestre:**

Dous exames de gramática e tradución. A parte de gramática terá un valor máximo de 2 puntos. A parte de tradución constará dun texto que haberá que analizar morfosintácticamente e traducir con dicionario; terá un valor máximo de 8 puntos. Na tradución consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) coma na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

O terceiro exame será de teoría: latinismos e os xéneros literarios establecidos en cada avaliación. Este exame puntuarase sobre 10 puntos. Valorarase tanto o contido coma a forma en que os coñecementos son expostos (corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.).

B) EXPOSICIÓN ORAL. O valor total na nota de avaliación destes dous instrumentos de avaliación será dun máximo dun 10%.

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO: **o exame de xuño** constará dun texto de Eutropio para traducir (7 puntos) e varias cuestións sobre latinismos e xéneros literarios (3 puntos). O único instrumento de avaliación empregado en xuño será o exame. Os criterios de calificación serán os expostos no punto 8.

6.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía didáctica de Bacharelato debe presentar as seguintes **características:**

- Favorecerá a capacidade do alumno para aprender en por si, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación.
- Subliñará a relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade.

Os **principios básicos** que han de estar presentes continuamente no proceso de ensino/aprendizaxe de cada unidade didáctica son os seguintes:

- Selección de textos accesibles ao nivel dos alumnos. A práctica da tradución será, pois, graduada (é dicir, acorde aos coñecementos do alumno), suxestiva (polo seu contido e relación co tema tratado na unidade), continuada (para que resulte eficaz) e controlada (baixo a dirección e orientación do profesor ou profesora).
- A correcta interpretación dun fragmento implicará o seu contextualización, a análise dos aspectos gramaticales, a captación e o comentario da mensaxe que nel aparece.
- É recomendable recorrer tamén á lectura de fragmentos traducidos ou bilingües de autores latinos como en anos anteriores fixaba o Grupo de Traballo da selectividade.
- O estudo dos aspectos lingüísticos e culturais debe ser simultáneo.
- A asimilación dos contidos lingüísticos e culturais terá o dobre obxectivo de comprender a sociedade e a cultura romana e coñecer a súa pervivencia no mundo occidental.

A aplicación metodolóxica práctica a cada tema contará basicamente cos seguintes pasos:

1. Actividades de introdución, motivación e coñecementos previos:

- O coñecemento detallado por parte do alumno dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación, etc. da unidade didáctica, co fin de que saiba por onde se move e que sentido teñen as actividades que se realizan.
- Introducción motivadora por parte do profesor, onde se sinalen os elementos máis atractivos por actuais e interdisciplinares do tema que se vai a tratar.
- Repaso das nocións xa vistas con anterioridade e consideradas necesarias para a comprensión da unidade, tomando nota das lagoas ou dificultades detectadas.
- Introducción de cada aspecto lingüístico, sempre que iso sexa posible, mediante as semellanzas ou pervivencia dos mesmos na lingua propia do alumno.

2. Actividades de desenvolvemento: - Lectura e comentario de textos.

- Lectura comprensiva do tema de cultura.
- Resolución de exercicios de léxico.
- Resolución de exercicios sobre aspectos morfosintácticos e tradución de oracións con aplicación dos mesmos.
- Tradución dos textos orixinais propostos, realizando os seguintes pasos:
 - a. Lectura previa en voz alta corrixida polo profesor.
 - b. Análise do vocabulario.
 - c. Relacións gramaticales: illar as oracións; recoñecer as formas gramaticales e establecer as relacións sintácticas
 - d. Tradución.

3. Actividades de sínteses-resumen:

- Realización de esquemas dos apartados de literatura, lingua e léxico.
- Visualización da materia lingüística e cultural incluída en cada unidade mediante diapositivas, gráficos, paradigmas, esquemas, etc.

7.- MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS

Non se fixará ningún libro de texto determinado. Será o profesor o encargado de facilitar ao alumno o material que sexa necesario. Utilizarase o dicionario Latino-Español de Vox.

Outro tipo de recursos didácticos que se poderán utilizar para completar as explicacións, facilitar a súa asimilación por parte dos alumnos e proporcionarlles o material necesario para levar a cabo os seus traballos de investigación son:

- Diapositivas
- Vídeos, DVD, CD
- Dicionarios etimolóxicos, mitolóxicos, etc.
- Libros de consulta que abranguen distintos temas: historia, literatura, mitoloxía, vida cotiá, arte.
- Textos clásicos e outros de distintas etapas históricas ata chegar á actualidade que lle sirvan de punto de comparación, etc.

Para iso utilizaremos todo o material dispoñible do Departamento de Latín e solicitaremos a colaboración de outros Departamentos que dispoñan de recursos que nos

poidan ser útiles. Ademais, será una referencia constante para a búsqueda de información a Biblioteca do noso centro, á que de cando en vez nos achegaremos para a elaboración dos traballos de investigación.

Como recurso imprescindible faremos uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, que proporcionarán ao alumnado unha visión novedosa e atractiva das línguas clásicas.

8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CALIFICACIÓN

Os criterios de avaliación de cada estándar de aprendizaxe xa foron expostos no punto 3.

Os criterios de calificación son os seguintes:

A) EXAMES

- Cada erro na parte gramatical descontará 0'2.
 - Cada erro na parte de tradución do texto descontará entre un 0'3 e un 0'5.
- Os descontos polos erros cometidos se aplicarán sobre o valor de cada pregunta, frase ou texto do exame. Cada pregunta, frase ou texto terá valor 0 cando a suma dos descontos dos erros sexa igual ou superior ao valor da pregunta, frase ou texto respectivo, e os erros que excedan o valor de cada pregunta, frase ou texto non se descontarán ao valor de outras preguntas, frases ou textos.
- A nota dos exames se obterá facendo a media das puntuacións obtidas en cada un deles, sempre que os exames estén valorados en 3 puntos ou máis.

B) EXPOSICIÓN ORAL.

Cada unha das valoracións positivas da exposición oral oscilarán entre os valores de 0'10 e 0'15. A exposición oral levarase a cabo na corrección diaria dos exercicios e actividades e para iso preguntárase cada día aleatoriamente aos alumnos. Valorárase o seguinte:

- A correcta execución de exercicios e actividades segundo o marcado no enunciado de cada un deles.
- A orde e limpeza na realización dos exercicios e actividades.
- O grao de exactitude dos datos e explicacións, entre outros:
 - corrección na declinación nominal e pronominal,
 - corrección na flexión verbal,
 - corrección na análise morfosintáctica,
 - corrección na lectura de frases e textos,
 - corrección na evolución fonética e uso de latinismos.

Se o alumno é sorprendido **copiando**, se lle retirará o exame, que será cualificado cun 0.

NOTA DE AVALIACIÓN: Se a nota resultante ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

A NOTA FINAL será a media das tres avaliacións. Se a nota resultante da media ten decimais, redondearase o resultado á nota superior se é maior que 0,5.

RECUPERACIÓN:

- **Non haberá necesariamente recuperacións**, xa que ó ser avaliación continua unha avaliación negativa dase por recuperada ó superar outra posterior. Só se recuperará obrigatoriamente o exame de teoría (latinismos e xéneros literarios) que estea suspenso nunha avaliación igualmente suspensa.
- A avaliación negativa na terceira avaliación suporá que o alumno terá que examinarse de toda a asignatura na proba extraordinaria do mes de xuño.
- No mes de maio farase un exame de recuperación únicamente do exame de teoría (latinismos e xéneros literarios), no caso dos alumnos que teñan aprobada a terceira avaliación e suspenso o exame de teoría dunha avaliación anterior suspensa. A avaliación positiva deste exame é imprescindible para a obter a avaliación positiva da asignatura no mes de maio.

1. Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación	Cálculo da nota da 1º avaliación: Media aritmética dos exames máis a nota obtida no traballo diario na aula. O total é redondeado ao valor máis próximo.
	Procedemento de recuperación da 1º avaliación: Os exames recupéranse un a un nas dúas semanas seguintes á súa realización. A avaliación é continua (excepto a parte de teoría, que, no caso de ter a terceira avaliación aprobada, habería que recuperar, de ter algunha suspensa, calquera das avaliacións anteriores).
2º Avaliación	Cálculo da nota da 2º avaliación: Media aritmética dos exames máis a nota obtida no traballo diario na aula. O total é redondeado ao valor máis próximo.
	Procedemento de recuperación da 2º avaliación: Os exames recupéranse un a un nas dúas semanas seguintes á súa realización. A avaliación é continua (excepto a parte de teoría, que, no caso de ter a terceira avaliación aprobada, habería que recuperar, de ter algunha suspensa, calquera das avaliacións anteriores).
3º Avaliación	Cálculo da nota da 3º avaliación: Media aritmética dos exames máis a nota obtida no traballo diario na aula. O total é redondeado ao valor máis próximo.

	<p>Procedemento de recuperación da 3ª avaliación: Os exames recupéranse un a un nas dúas semanas seguintes á súa realización. A avaliación é continua (excepto a parte de teoría, que, no caso de ter a terceira avaliación aprobada, habería que recuperar, de ter algunha suspenso, calquera das avaliacións anteriores).</p>
Cualificación final	<p>Cálculo para obter a cualificación final de curso: Media aritmética das tres avaliacións redondeada ao valor máis próximo.</p>
Proba extraordinaria para BAC	<p>Consistente en: Exame dividido en tres seccións: 1ª: Contidos gramaticais: 2 puntos 2ª Contidos de cultura e civilización (teoría): 2 puntos 3ª Análisis e traducción de frases: 6 puntos</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: a única alumna que ten a materia de latín I pendente ten que ir entregando cada avaliación un cuadernillo de actividades elaborado pola docente para a súa corrección.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación: corrección do cuadernillo.</p>

<p>2.1. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC (Preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e tutoría)</p>	
Metodoloxía	<p>Explicación por parte do profesor dos contidos gramaticais non superados, traballo do alumno na clase e corrección dos exercicios realizados.</p>
Actividades tipo	<p>Análise e tradución de textos.</p>
Materiais e recursos	<p>Cuadernillo de elaboración propia e material empregado durante o curso.</p>

9.- ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS

C) Alumnos procedentes doutros centros por traslado de expediente:

- Nas primeiras semanas faríase un seguimento especial para detectar as posibles carencias gramaticáis que condicionen o labor normal de traducción.
- Se é o caso, traballarase individualmente co alumno:
- atención especial na clase.
- exercicios específicos para a súa realización en clase.
- exercicios específicos para a súa realización na casa.

D) Alumnos que haxan cambiado de opción en segundo de bacharelato e non cursaran Latín I anteriormente:

- Realización dun exame a primeira semana de clase das mesmas características que o exame da convocatoria de setembro.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aqueles alumnos que non progresen adecuadamente serán debidamente atendidos para que, do xeito máis rápido posible, se incorporen de novo ao ritmo normal de seguimento da programación. Preténdese con este reforzo evitar o abandono da materia, ao non poder seguir as explicacións por falta de coñecementos previos aínda non asimilados, pola dificultade que poideran presentar de entendemento para estes casos particulares.

Seguiranse as seguintes pautas:

- Detección inicial do problema.
- Localización dos contidos a partir dos cais o alumno comeza a non progresar segundo o esperado.
- Explicación individual de ditos contidos.
- Realización de actividades específicas que permitan a comprensión e asimilación dos contidos.
- Seguimento individualizado, unha vez acadados os obxectivos, para evitar que xurda de novo esta situación.

11.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os ensinamentos transversais supoñen a adquisición de contidos de valor. Desde a óptica do latín estes temas transversais pódense tratar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade latina que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueles que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

Os temas transversais que adoptamos son:

1. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexos: derivarase do estudo da situación da muller en Roma, da comparación coa situación xurídica, social e familiar na antigüidade coa situación actual.

2. A Educación moral e cívica, e, como consecuencia diso, a educación para a paz derivarase do tratamento dos sistemas políticos na antigüidade; dos grupos sociais; do tipo de sociedade e ideais que reflictan os textos que manexen. Da reflexión sobre a diversidade lingüística e cultural de España e Europa.

3. A educación para a saúde derivarase da reflexión crítica sobre os hábitos de hixiene e coidado persoal nas sociedades clásicas, da importancia que nestas sociedades dábase ao exercicio físico, e do afán romano por manter un perfecto equilibrio entre corpo e mente.

4. A educación ambiental do coñecemento do respecto que os antigos sentían pola natureza. Do coñecemento e respecto polo noso patrimonio arqueolóxico.

Os temas transversais desenvolveranse mediante paráfrasis e comentarios acordes co tema tratado en clase, nos textos traducidos, con cuestións directamente propostas para resolver en pequeno grupo, individualmente ou por medio de debates.

IV.- LATÍN 4º E.S.O.

1.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

1.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A contribución da materia de Latín a esta competencia céntrase especialmente en desenvolver aspectos esenciais da formación do alumnado, como son:

- Interactuar coa contorna natural de maneira respectuosa.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso ao redor e responder preguntas.
- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Organizar a información utilizando procedementos matemáticos.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A competencia en comunicación lingüística debemos vinculala coa práctica social da comunicación, sexa oral ou escrita. Ao desenvolvemento da mesma, a materia de Latín contribúe de forma especial e significativa desde moitos e diferentes contidos e actividades, de modo que os alumnos e as alumnas que cursaron a materia adquiren unha especial preparación para afrontar con éxito situacións de comunicación oral ou escrita, todo iso desde unha mellora evidente da comprensión formal do acto comunicativo nas súas diferentes modalidades e dunha especial preparación para a motivación e creación de distintos tipos de mensaxes.

Por tanto, destacamos os descritores seguintes:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticales para elaborar textos escritos e orais.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.

- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso da mesma.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou en materias diversas.

Competencia dixital

Na materia de Latín, a contribución á competencia dixital é inherente á aprendizaxe da mesma, por canto o emprego das tecnoloxías dixitais convértese nun instrumento imprescindible no proceso de ensino-aprendizaxe da materia. Todo iso coa premisa da súa utilización creativa e crítica.

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais

O coñecemento e achegamento á sociedade, á cultura, á literatura, ao pensamento e ás manifestacións artísticas da Roma antiga contribúe de maneira especial ao desenvolvemento desta competencia.

Polo que nesta área, traballaremos os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica?), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e as manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Competencias sociais e cívicas

O traballo e o coñecemento da propia evolución da sociedade romana supoñen unha contribución excelente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, máxime nunha sociedade como a actual, tan dinámica e complexa. E iso é así dada a diversidade de situacións e relacións que o estudo da sociedade e a historia de Roma ofrece ao alumnado. Desta forma, ese estudo e coñecemento contribuirá ao desenvolvemento desta competencia do seguinte modo:

Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes, e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Habemos de ter en conta que esta competencia implica basicamente a capacidade que ten o alumnado para transformar as súas ideas en actos. Ao desenvolvemento do proceso que implica esa transformación contribúe a materia de Latín mediante:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e ter confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupales sobre os intereses persoais.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

A materia de Latín debe contribuír de forma especial ao desenvolvemento desta competencia, potenciando nos alumnos e as alumnas a capacidade de iniciar, organizar e manterse na aprendizaxe; e iso conséguese motivando ao alumnado na curiosidade pola materia, de modo que el mesmo senta protagonista da súa aprendizaxe.

Traballaremos os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas?
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que se han de realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

1.2. RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Competencias	Estándares de aprendizaxe
CCL	LAB.1.5.1. LAB.1.6.1. LAB2.3.1. LAB3.1.1. LAB3.2.1. LAB3.3.1. LAB3.4.1. LAB3.4.2 . LAB3.5.1. LAB3.5.2. LAB3.6.1. LAB3.6.2. LAB3.6.3. LAB3.6.4. LAB4.2.1. LAB4.2.2. LAB4.3.1. LAB4.4.1. LAB4.5.1. LAB4.6.1. LAB5.1.4. LAB5.2.1. LAB5.2.2. LAB5.3.1. LAB5.4.1. LAB5.6.1. LAB5.6.1. LAB5.7.1. LAB6.1.1. LAB6.2.1. LAB6.3.1. LAB6.4.1. LAB6.4.2. LAB6.5.1. LAB6.6.1. LAB7.1.1. LAB7.3.1. LAB7.4.1.
CMCCT	LAB1.1.1. LAB.1.2.1. LAB3.1.1. LAB4.1.1. LAB4.4.1. LAB4.5.1. LAB5.1.3. LAB5.7.1. LAB6.4.2.
CD	LAB1.1.1. LAB.1.2.1. LAB.1.3.1. LAB1.4.1. LAB2.1.1. LAB2.2.1. LAB3.4.1. LAB3.6.2. LAB5.1.1. LAB5.1.3. LAB5.4.1. LAB5.5.1. LAB5.6.1. LAB6.4.2. LAB7.1.2. LAB7.4.1.
CAA	LAB1.1.1. LAB.1.2.1. LAB.1.3.1. LAB1.4.1. LAB.1.5.1. LAB.1.6.1. LAB2.2.1. LAB3.2.1. LAB3.3.1. LAB3.4.2 . LAB3.5.1. LAB3.5.2. LAB3.6.1. LAB3.6.3. LAB4.2.1. LAB4.4.1. LAB4.5.1. LAB5.1.2. LAB5.1.3. LAB5.5.1. LAB5.6.1. LAB6.1.1. LAB6.2.1. LAB6.3.1. LAB7.1.1. LAB7.1.2.
CSC	LAB1.1.1. LAB.1.3.1. LAB1.4.1. LAB5.1.1. LAB5.1.2. LAB5.1.4. LAB5.2.1. LAB5.2.2. LAB5.3.1. LAB5.6.1. LAB5.7.1. LAB7.4.1.
CSIEE	LAB5.1.1. LAB5.2.1. LAB5.2.2. LAB5.6.1. LAB5.7.1.
CCEC	LAB1.1.1. LAB2.1.1. LAB5.1.2. LAB5.1.4. LAB5.2.2. LAB5.3.1. LAB5.4.1. LAB5.5.1. LAB5.6.1. LAB5.7.1. LAB6.4.1. LAB7.4.1.

Competencias	Nº de estándares	Porcentaxe
CCL	38	32,20
CMCCT	9	7,63
CD	16	13,56
CAA	26	22,03
CSC	12	10,17
CSIEE	5	4,24
CCEC	12	10,17
TOTAL	118	100,00

2.- OBXECTIVOS

2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais e resolver pacíficamente os conflitos, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, incorporar novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, e contribuír así á súa conservación e mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación

2.2. OBXECTIVOS DA MATERIA DE LATÍN 4.º ESO

1. Localizar no mapa as linguas de España clasificándoas e identificando a súa orixe.
2. Traducir étimos latinos transparentes.
3. Analizar os distintos formantes das palabras.
4. Profundar no significado dos latinismos máis usados.
5. Coñecer e utilizar distintos sistemas de escritura e alfabetos.
6. Expresarse correctamente en latín respectando as normas básicas de pronuncia.
7. Clasificar tipos de palabras.
8. Facer uso da declinación.
9. Conxugar verbos correctamente.
10. Traducir textos sinxelos.
11. Analizar as funcións das palabras na oración.
12. Profundar no coñecemento dos casos latinos.
13. Discriminar entre oracións simples e compostas clasificándoas correctamente.
14. Analizar as construcións de infinito e participio de perfecto concertado.
15. Realizar eixos cronolóxicos para coñecer os períodos de Roma.
16. Coñecer os feitos históricos, a organización política e social, a composición familiar e roles dos seus membros e os deuses, mitos e heroes latinos de Roma.
17. Profundar na análise morfológico e sintáctico.
18. Realizar comentarios de textos clásicos fomentando a comprensión.
19. Analizar o léxico latino transparente e recoñecer os elementos latinos que permanecen na nosa lingua.

3.- TEMPORALIZACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

3.1. BLOQUES

O currículo a materia de Latín agrúpase en varios bloques. Os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fórmulanse para 4.º de Educación Secundaria.

Na súa redacción, respectarase a numeración dos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe tal e como aparece no Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

Contidos

- Marco xeográfico da lingua.
- O indoeuropeo.
- As linguas de España: linguas romances e non romances.
- Pervivencia de elementos lingüísticos latinos.
- Identificación de lexemas e afijos latinos usados na propia lingua.

Criterios de Avaliación

1. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.
2. Poder traducir étimos latinos transparentes.
3. Coñecer, identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.
4. Recoñecer e explicar o significado dalgúns dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, explicando o seu significado para partir do termo de orixe.

Estándares de aprendizaxe

- 1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.
- 1.2. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciándoas pola súa orixe en romances e non romances e delimitando nun mapa as zonas nas que se utilizan.
- 2.1. Traduce do latín as palabras transparentes servíndose do repertorio léxico que coñece tanto na propia lingua como noutras linguas modernas.
- 3.1. Identifica e distingue en palabras propostas as súas formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afijos e buscando exemplos doutros termos nos que estean presentes.
- 4.1. Deduce o significado de palabras tomadas das distintas linguas de España a partir dos étimos latinos.

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

Contidos

- Diferentes sistemas de escritura: as orixes da escritura.
- Orixes do alfabeto latino.
- A pronuncia.

Criterios de Avaliación

1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.
2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas.
3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.

Estándares de aprendizaxe

- 1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura, clasificándoos conforme á súa natureza e a súa función.
- 2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinalando as principais adaptacións que se producen en cada unha delas.
- 3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.

Bloque 3. Morfoloxía

Contidos

- Formantes das palabras.
- Tipos de palabras: variables e invariables.
- Concepto de declinación: as declinacións.
- Flexión de substantivos, adxectivos e verbos.
- Os verbos: formas persoais, infinitivo de presente activo e participio de perfecto.

Criterios de Avaliación

1. Identificar e distinguir os distintos formantes das palabras.
2. Distinguir e clasificar distintos tipos de palabras.
3. Comprender o concepto de declinación e flexión verbal.
4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa declinación e declinalas correctamente.
5. Conxugar correctamente as formas verbais estudadas.
6. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos da lingua latina que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.

Estándares de aprendizaxe

1.1. Descompón palabras nos seus distintos formantes, servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.

2.1. Distingue palabras variables e invariables explicando os trazos que permiten identificarlas e definindo criterios para clasificalas.

3.1. Enuncia correctamente distintos tipos de palabras en latín, distinguíndoos a partir do seu enunciado e clasificándoos segundo a súa categoría e declinación.

3.2. Distingue diferentes tipos de palabras a partir do seu enunciado.

4.1. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.

5.1. Identifica as distintas conxugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conxugación a partir do seu enunciado.

5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e reconece a partir destas os diferentes modelos de conxugación.

5.3. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada un dos temas verbais latinos: en voz activa o modo indicativo tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo, así como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.

5.4. Cambia de voz as formas verbais.

5.5. Traduce correctamente ao castelán diferentes formas verbais latinas.

6.1. Identifica e relaciona elementos morfolóxicos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.

Bloque 4. Sintaxe

Contidos

- Os casos latinos.
- A concordancia.

- Os elementos da oración.
- A oración simple: oracións atributivas e predicativas.
- As oracións coordinadas.
- As oracións de infinitivo concertado.
- Usos do participio.

Criterios de Avaliación

1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.
2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as principais funcións que realizan na oración, saber traducir os casos á lingua materna de forma adecuada.
3. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.
4. Distinguir as oracións simples das compostas.
5. Identificar as construcións de infinitivo concertado.
6. Identificar, distinguir e traducir de forma correcta as construcións de participio de perfecto concertado máis transparentes.
7. Identificar e relacionar elementos sintácticos da lingua latina que permitan a análise e tradución de textos sinxelos.

Estándares de aprendizaxe

1.1. Analiza morfolóxica e sintácticamente frases e textos adaptados identificando correctamente as categorías gramaticais ás que pertencen as diferentes palabras e explicando as funcións que realizan no contexto.

2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal latina, explicando as principais funcións que realizan dentro da oración e ilustrando con exemplos a forma adecuada de traducilos.

3.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións simples identificando as súas características.

4.1. Compara e clasifica diferentes tipos de oracións compostas, diferenciándoas das oracións simples.

5.1. Recoñece dentro de frases e textos sinxelos construcións de infinitivo concertado, analizándoas e traducíndoas de forma correcta.

6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de participio de perfecto concertado máis transparentes, analizándoas e traducíndoas de forma correcta.

7.1. Identifica e relaciona elementos sintácticos da lingua latina para realizar a análise e tradución de textos sinxelos.

Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización

Contidos

- Períodos da historia de Roma.
- Organización política e social de Roma.
- Vida cotiá. A familia romana.
- Mitoloxía e relixión.

Criterios de Avaliación

1. Coñecer os feitos históricos dos períodos da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixos cronolóxicos.
2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.

3. Coñecer a composición da familia e os roles asignados aos seus membros.
4. Coñecer os principais deuses da mitoloxía.
5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e heroes antigos e os actuais.

Estándares de aprendizaxe

- 1.1. Distingue as diferentes etapas da historia de Roma, explicando os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso dunhas a outras.
- 1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.
- 1.3. Pode elaborar eixos cronolóxicos nos que se representan fitos históricos relevantes, consultando diferentes fontes de información.
- 1.4. Describe algúns dos principais fitos históricos da civilización latina explicando a grandes liñas as circunstancias nas que teñen lugar e as súas principais consecuencias.
- 2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.
- 2.2. Describe a organización da sociedade romana, explicando as características das distintas clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, comparándoos cos actuais.
- 3.1. Identifica e explica os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros analizando a través deles estereotipos culturais da época e comparándoos cos actuais.
- 4.1. Identifica os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinalando os trazos que os caracterizan, e establecendo relacións entre os deuses máis importantes.
